

**INSTITUTO DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA****CHAMADA Á PRESENTACIÓN DE EXPRESIÓN DE INTERESE PARA A  
VINCULACIÓN DE NOVO PERSOAL INVESTIGADOR E A RENOVACIÓN DO  
O PERSOAL XA VINCULADO****(PERIODO 2024-2028)**

O Instituto de Ciencias da Educación (ICE) da Universidade de Santiago de Compostela (USC) é un centro de investigación, asesoramento, especialización, aplicación e divulgación no eido da Educación e a Formación. O persoal científico do Instituto está integrado por persoal docente e investigador da Universidade de Santiago de Compostela cuxa investigación se desenvolva no ámbito da Ciencias da Educación ou disciplinas afíns e en liñas de traballo interdisciplinarias coherentes coa Axenda Científica do Instituto. Rematado o período 2020-2024, cumpre abrir un novo proceso de vinculación de persoal investigador para o período 2024-2028.

O compromiso de vinculación será como mínimo por catro anos, e está dirixido a:

- Persoal docente e investigador (PDI) con relación estable e actividade investigadora coa USC (catedrático/a e titular de universidade, profesorado permanente laboral), profesorado distinguido e profesorado emérito). No caso de profesorado axudante doutor, profesorado distinguido e profesorado emérito, a súa vinculación virá establecida pola vixencia da súa relación contractual coa entidade. Este persoal deberá solicitar a súa vinculación conforme ao [Anexo I](#)
- Persoal investigador doutras institucións adscritos á USC mediante acordos institucionais que recoñezan a súa relación formal co Instituto (por exemplo, Programa Oportunus con GAIN, persoal investigador adscrito CSIC).
- Persoal investigador posdoutoral de convocatorias de RRHH competitivas que posúa un compromiso de estabilización coa USC (por exemplo, Contratos Ramón y Cajal). O seu período de vinculación virá establecida pola vixencia da súa relación contractual coa entidade.
- Persoal investigador actualmente vinculado ao ICE que desexe renovar a súa vinculación co Instituto. Este persoal deberá solicitar a súa renovación conforme ao [Anexo II](#) xa que, en virtude do [Regulamento de Creación e Xestión de Institutos de Investigación da USC](#), non facelo implica a desvinculación do Instituto.

O proceso de vinculación ao ICE da Universidade de Santiago de Compostela recóllese no Artigo 6 do [Regulamento de Réxime Interno \(RRI\) do Instituto de Ciencias da Educación do ICE \(2019\)](#), ten carácter individual, e será avaliado pola Comisión Asesora Externa do Instituto, encargada de emitir un informe favorable sobre o interese da vinculación da persoa solicitante, e que será ratificado pola Xunta de Goberno do ICE. O persoal admitido como persoal investigador vinculado do ICE pola Xunta de Goberno deberá asinar un compromiso de vinculación co instituto, no que se comprometerá a permanecer no mesmo durante un período de 4 anos, e a cumprir co establecido no seu Regulamento de Réxime Interno.

### **Envío de expresións de interese**

Poderán enviar a súa expresión de interese o persoal investigador da USC que cumpra as condicións detalladas anteriormente, e que conte cun historial investigador (participación en proxectos de investigación, publicacións, actividades de transferencia) compatible coa axenda científica do Instituto, e disposto a comprometerse co desenvolvemento tanto da estratexia científica como da estratexia institucional do ICE.

Non se admitirán solicitudes de persoal investigador con compromiso de vinculación vixente con outro Centro/Instituto de investigación, con permanencia actual superior a un ano.

O prazo para achegar as expresións de interese será de **20 días hábiles** desde a publicación. As expresións de interese deben ser enviadas a través do formulario habilitado en liña a este efecto: [Anexo I](#) ou [Anexo II](#) (segundo o caso).

## **Retos e liñas estratéxicas da Axenda Científica**

### **Reto 1.- Transformar os sistemas educativos e de formación**

- Liña 1.1. Sistemas, políticas e institucións educativas.
- Liña 1.2. Profesionalización docente e innovación educativa.
- Liña 1.3. Alfabetización e desenvolvemento de competencias clave e competencias en ciencias experimentais, ciencias sociais, matemáticas, lingua e literatura, expresión corporal, expresión musical, expresión artística.
- Liña 1.4. Avaliación e calidade en educación.
- Liña 1.5. Orientación educativa e profesional e formación para o traballo.

### **Reto 2.- Impulsar a cidadanía dixital e ecosistemas de formación con tecnoloxías**

- Liña 2.1. Escenarios enriquecidos e personalizados de aprendizaxe mediados por tecnoloxías.
- Liña 2.2. Metodoloxías educativas e tecnoloxías avanzadas (intelixencia artificial, realidade aumentada, realidade mixta, realidade virtual, robótica, ciencia de datos...).
- Liña 2.3. Competencia dixital e mediática.

### **Reto 3.- Educar para a transformación social e a mellora da calidade de vida**

- Liña 3.1. Educación ao longo da vida.
- Liña 3.2. Educación, desenvolvemento comunitario e cooperación.
- Liña 3.3. Educación para o desenvolvemento persoal e o benestar social en contextos diversos (Educación familiar, Educación ambiental, Educación para a cidadanía global, Educación penitenciaria, Educación para a saúde, Educación intercultural,...).

### **Reto 4.- Promover a diversidade, a equidade e a inclusión na educación**

- Liña 4.1. Igualdade, xénero e educación.
- Liña 4.2. Educación para a paz e a convivencia.
- Liña 4.3. Educación inclusiva e atención á diversidade.

**Reto transversal: "Desenvolvemento sostible e fortalecemento democrático".** Na actualidade existe unha preocupación crecente polo coidado do medio ambiente, o benestar social e a calidade democrática. Estes desafíos están presentes e atravesan todas as problemáticas e liñas de investigación educativa nos tempos que vivimos. A investigación educativa é unha ferramenta imprescindible para progreso e o cambio social e debe xerar coñecemento que axude a afrontar con éxito, con responsabilidade e compromiso cívico estes desafíos globais.

## ANEXO I Nova vinculación de persoal investigador

Acceso en liña ao formulario:

[https://forms.office.com/Pages/ResponsePage.aspx?id=LEUNj6S3ZEm4Elw5c3RHeygkpXCqul5AIXkOMg-3y\\_ZUMTNKMzJEUzRPTTILOVZYOUZSNkw2QVRRMS4u](https://forms.office.com/Pages/ResponsePage.aspx?id=LEUNj6S3ZEm4Elw5c3RHeygkpXCqul5AIXkOMg-3y_ZUMTNKMzJEUzRPTTILOVZYOUZSNkw2QVRRMS4u)

NOME E APELIDOS:

AFILIACIÓN (Departamento e Facultade):

POSTO ACTUAL:

1. Traxectoria Investigadora
  - Resumo da súa traxectoria científica e intereses e obxectivos científico-técnicos da súa/ s liña/ s actuais de investigación, máx. 200 palabras
  - Sexenios de investigación (indicar cantos)
  - En caso de ser persoal investigador que aínda non acadou un sexenio de investigación, indicar se ten publicacións indexadas en revistas/editoriais de recoñecido prestixio e referenciar un máximo de catro.
  - Sexenio de transferencia (si/non)
  - Ten sido ou é IP de proxectos de investigación financiados en convocatorias competitivas internacionais nos últimos 5 anos? Referenciar un máximo de dous.
  - Ten formado parte do equipo investigador ou de traballo de proxectos de investigación financiados en convocatorias competitivas internacionais nos últimos 5 anos? Referenciar un máximo de dous.
  - Ten sido ou é IP de proxectos de investigación financiados en convocatorias competitivas nacionais nos últimos 5 anos? Referenciar un máximo de dous.
  - Ten formado parte do equipo investigador ou de traballo de proxectos de investigación financiados en convocatorias competitivas autonómicas nos últimos 5 anos? Referenciar un máximo de dous.
  - Ten sido ou é IP de actividades de transferencia do coñecemento nos últimos 5 anos? Referenciar un máximo de dous.
  - Ten formado parte do equipo de traballo de actividades de transferencia de coñecemento nos últimos 5 anos? Referenciar un máximo de dous.
  - Para investigadores con menos de 5 anos de experiencia post-doutoral: Pertence a algún grupo de investigación vinculado ao ICE? En caso afirmativo, indicar.

### 2. Achegas científico-técnicas

Resumo das achegas máis relevantes (máximo: 200 palabras)

### 3. Aliñamento coa Axenda Científica do ICE

Breve descrición de como a súa investigación axudaría a desenvolver á Axenda Científica do Instituto para o período 2024-2028 (máximo: 200 palabras)

### 4. Curriculum Vitae Abreviado

CVA. Máximo 4 páxinas e con méritos dos últimos 4 anos.

Datos Personais -Researcher ID ou Código ORCID-; Indicadores xerais de calidade da produción científica; Publicacións; Participación en proxectos de I+D+i, Participación en contratos, méritos tecnolóxicos ou de transferencia; Patentes e Outros méritos.

#### **Cláusula de protección de datos**

A cobertura e entrega do formulario implica o consentimento para o tratamento dos datos conforme á seguinte cláusula:

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais e co Regulamento UE 2016/679, os datos recadados serán incorporados pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) no tratamento "Investigación", cuxa finalidade é a xestión da actividade de investigación na Universidade, así como a xestión automatizada dos currículos profesionais dos investigadores.

O órgano responsable do devandito tratamento é a Universidade de Santiago de Compostela con domicilio social na Praza do Obradoiro s/n, 15782, Santiago de Compostela, correo electrónico: [protecciondatos@usc.gal](mailto:protecciondatos@usc.gal)

Tamén pode poñerse en contacto co Delegado de Protección de Datos da USC a través do enderezo electrónico [dpd@usc.gal](mailto:dpd@usc.gal)

A base de xustificación do tratamento é o consentimento das persoas interesadas. Os datos achegados serán postos a disposición dunha comisión asesora externa formada por investigadores alleos á USC. Agás nos supostos nos que a normativa o contemple, os datos non serán cedidos nin transferidos para outros fins.

As persoas interesadas poden exercer ante o responsable os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica da USC <https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm>

Tamén poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos para realizar as reclamacións que consideren oportunas.

Os datos serán conservados durante o período no que se realice a finalidade para a que foron recollidos, ou o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais. Cumprida a finalidade, os datos bloquearanse ata que transcorran os prazos de prescrición aplicables.

A política de privacidade e protección de datos da USC pódese consultar na web <https://www.usc.gal/gl/politica-privacidade-proteccion-datos>

Se non se proporcionan os datos requiridos e as autorizacións para o seu tratamento, a solicitude non poderá ser tramitada.

## ANEXO II Renovación da vinculación do persoal investigador do ICE

Acceso en liña ao formulario:

[https://forms.office.com/Pages/ResponsePage.aspx?id=LEUNj6S3ZEm4Elw5c3RHeygkpXCqui5AlXkOMq-3y\\_ZURDRUS1cyVzRBVIZJOE1EVzhSUDg4SVdEUS4u](https://forms.office.com/Pages/ResponsePage.aspx?id=LEUNj6S3ZEm4Elw5c3RHeygkpXCqui5AlXkOMq-3y_ZURDRUS1cyVzRBVIZJOE1EVzhSUDg4SVdEUS4u)

NOME E APELIDOS:

AFILIACIÓN (Departamento e Facultade):

POSTO ACTUAL:

### 1. Traxectoria Investigadora

- Sexenio de investigación vivo SI/NO (indicar datas do último tramo)
- En caso de ser persoal investigador que aínda non acadou un sexenio de investigación, indicar se ten publicacións indexadas en revistas/editoriais de recoñecido prestixio e referenciar un máximo de catro do período 2020-2024
- Sexenio de transferencia (si/non)
- Ten sido ou é IP de proxectos de investigación financiados en convocatorias competitivas internacionais no período 2020-2024? Referenciar un máximo de dous do período 2020-2024.
- Ten formado parte do equipo investigador ou de traballo de proxectos de investigación financiados en convocatorias competitivas internacionais no período 2020-2024? Referenciar un máximo de dous do período 2020-2024
- Ten sido ou é IP de proxectos de investigación financiados en convocatorias competitivas nacionais no período 2020-2024? Referenciar un máximo de dous do período 2020-2024
- Ten formado parte do equipo investigador ou de traballo de proxectos de investigación financiados en convocatorias competitivas autonómicas no período 2020-2024? Referenciar un máximo de dous do período 2020-2024
- Ten sido ou é IP de actividades de transferencia do coñecemento no período 2020-2024? Referenciar un máximo de dúas do período 2020-2024
- Ten formado parte do equipo de traballo de actividades de transferencia de coñecemento no período 2020-2024? Referenciar un máximo de dúas do período 2020-2024
- Resumo das achegas científicas do período 2020-2024 que considere máis relevantes. Referenciar un máximo de dúas.

### 2. Alíñamento coa Axenda Científica do ICE (2024-2028)

Breve descrición de como a súa investigación contribuiría ao desenvolvemento dos retos e liñas estratéxicas da Axenda Científica do Instituto para o período 2024-2028, máximo: 200 palabras (elixir ao menos un reto e comentar).

### Cláusula de protección de datos

A cobertura e entrega do formulario implica o consentimento para o tratamento dos datos conforme á seguinte cláusula:

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais e co Regulamento UE 2016/679, os datos recadados serán incorporados pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) no tratamento "Investigación", cuxa finalidade é a xestión da actividade de investigación na Universidade, así como a xestión automatizada dos currículos profesionais dos investigadores.

O órgano responsable do devandito tratamento é a Universidade de Santiago de Compostela con domicilio social na Praza do Obradoiro s/n, 15782, Santiago de Compostela, correo electrónico: [protecciondatos@usc.gal](mailto:protecciondatos@usc.gal)

Tamén pode poñerse en contacto co Delegado de Protección de Datos da USC a través do enderezo electrónico [dpd@usc.gal](mailto:dpd@usc.gal)

A base de xustificación do tratamento é o consentimento das persoas interesadas. Os datos achegados serán postos a disposición dunha comisión asesora externa formada por investigadores alleos á USC. Agás nos supostos nos que a normativa o contemple, os datos non serán cedidos nin transferidos para outros fins.

As persoas interesadas poden exercer ante o responsable os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica da USC <https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm>

Tamén poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos para realizar as reclamacións que consideren oportunas.

Os datos serán conservados durante o período no que se realice a finalidade para a que foron recollidos, ou o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais. Cumprida a finalidade, os datos bloquearanse ata que transcorran os prazos de prescrición aplicables.

A política de privacidade e protección de datos da USC pódese consultar na web <https://www.usc.gal/gl/politica-privacidade-proteccion-datos>

Se non se proporcionan os datos requiridos e as autorizacións para o seu tratamento, a solicitude non poderá ser tramitada.

## Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: MARIA DEL CARMEN FERNANDEZ MORANTE, NIF \*\*\*9667\*\*, 14/10/2024 09:15:03.

Asinante/Firmante/Signer: LORENA CASAL OTERO, NIF \*\*\*1896\*\*, 14/10/2024 09:11:46.

CSV: 10CA-F1E4-4EF2-A748